

ALEXANDER BRODSKY

Proxectos

CLOUD CAFÉ
VODKA PAVILLION
SPORTS GROUND
ICE BAR
APSHU CLUB

Corpos espidos

Algúns psicólogos trataron de descifrar a personalidade humana analizando a casa onde vive o home. Quizais un día tamén algún historiador tente identificar a filosofía dun arquitecto analizando o seu lugar de traballo, o seu estudio.

No caso de Alexander Brodsky non será tarefa doada. Para empezar, atopar o seu estudio non é sinxelo, hai que buscalo entre as ruínas dunha antiga corte no patio dun pazo non moi lonxe do Kremlin. A corte librouse milagrosamente dun incendio en tempos dos tsares e a parte que sobreviviu ao lume foi restaurada e completada despois con algún andar para poder albergar a oficina da “Teoría da Arquitectura Soviética”.

Tan pomposa oficina foi o lugar onde se desenvolveron as teorías que apoiaron a construción e o urbanismo en tempos da Unión Soviética, oficina máis tarde convertida no Museo de Arquitectura Estatal, coñecido como o Museo Shchusev. É precisamente no ático dun dos pavillóns do museo, o coñecido como *A ruína*, onde está o estudio de Alexander Brodsky. Un espazo cedido polo museo á maneira quizais de premio ou de bolsa en recoñecemento polo seu traballo. Un lugar que hai que buscar con paciencia e ata con certa coraxe para atopalo.

En calquera outra cidade, tal edificio sería declarado en ruína e non estaría nin permitida a entrada. Non obstante, en Moscova, onde existe certa dose de surrealismo que forma parte do cotián, ese edificio xa coñecido popularmente como *A ruína* alberga unha das salas de exposicións

do Museo de Arquitectura Nacional e o estudio do arquitecto contemporáneo de maior prestixio do país. Paradoxalmente, *A ruína* é realmente unha das intervencións en Moscova con máis sentido de pertenza e autenticidade nunha cidade que está sucumbindo ante a voracidade do petro-rublo e onde *A ruína* se amosa como un manifesto vivo daquilo que puido ser, de poder manterse a vontade de ollar cara á súa historia.

Unha vez dentro do estudio o primeiro que sorprende son cuncas de té e debuxos por todas partes, nada demasiado secreto, pero si certa dose de misterio. O mesmo misterio que impregna todo o edificio, un edificio que nunca se sabe se é aínda unha antiga corte, unha antiga oficina soviética ou unha galería de arte de vangarda.

Na súa propia arquitectura hai tamén moito de todo isto, realidades distintas superpostas, aparentemente antagónicas pero que conviven sen se molestaren. En certo modo como as famosas bonecas rusas, as matriuskas, que sempre acochan unha máis pequena dentro doutra, unha parecida á anterior pero á vez diferente, bonecas que se van descubriendo nun xogo de sorpresas, nunha secuencia de repetición á vez que de cambio. Un xogo que recorda máis á envolvente dunha espiral ca ao trazado dun círculo.

Na obra de Brodsky ese xogo de superposicións está moi presente e o primeiro que chama a atención é certo halo de nostalgia, nostalgia cara ao carácter soviético dalgúns ambientes –Restaurant 95^o, OGI Restaurant, Apshu Café– pero unha nostalgia cara ao pasado, capaz de convivir



Entrada ao estudio de Brodsky

cunha actitude desinhibida cara a materiais contemporáneos. Materiais novos que utiliza sen complexos –The Cloud Café, Golf Pavillion– dando solucións sempre atípicas. O mesmo Brodsky recoñece que: “O que nos interesa do detalle e dos materiais, é a sensación intuitiva das cousas e de aí a nosa intención para facilitar que ocorran. Atráenos especialmente a forma inesperada coa cal os albanéis resolven os detalles aínda sen definir.” Brodsky propón unha actitude cara á tectónica lonxe da nostalgia do artesanado senón aberta a un certo caos ou un deixar facer máis propio dunha obra aberta.

Nostalgia e contemporaneidade, en principio actitudes contrapostas, pero que na súa obra dan convívio sen conflito. En varios dos seus traballos está presente tamén algo de carácter temporal e ata efémero, pero unha fugacidade que convive asemade con certa presenza do perenne. O perenne reivindica o seu lugar por medio da propia estrutura, unha estrutura que sempre está manifesta e coa que todo o proxecto dialoga. Temporalidade e perennidade coexisten á vez sen antagonismos.

Unha presenza da estrutura como elemento protagonista é unha actitude que recorda dalgún xeito ao construtivismo, pero unha estrutura quen de convivir cunha preocupación simultánea por aspectos máis epidérmicos das súas construcións, non por unha pel superficial, senón por unha pel en realidade moi física, moi chea de materia, que por veces resulta ata densa –The Cloud, Tea Pavillion, Ice Bar–. Estruturas e peles que máis recordan a un corpo osudo,



Entrada ao edificio "A ruína"



Vista dos corredores do estudio

como saído dunha bannia –Sauna Rusa–, que a unha imaxe maquillada. Pel e estrutura conviven nas súas construcións como problemas simultáneos, nunha duplicidade de intencións que na súa obra non resultan contraditorias. Igualmente, a condición de reciclaxe está presente en moitos dos seus proxectos. Reciclaxe por unha banda formal pero sobre todo material. Materiais que parecen como encontrados e ensamblados sen pretensión ningunha. Pero esa actitude de recuperación, ou incluso de achado, coexiste con proxectos que dalgún modo representan unha proposta de arquitectura como acto de consumo. Arquitectura consumible, no sentido de construcións que se ensamblan e son usadas para despois desaparecer –Ice Bar, Tea Pavillion, The Cloud Café–, no que podería ser tamén unha contradición entre o respecto polo xa usado, polo “non-novo”, pero aínda así para desbotalo de novo. Nostalgia á vez que contemporaneidade, consumismo á vez que reciclaxe. Permanencia á vez que temporalidade. Todas estas distintas capas de significados conviven sen conflito na obra de Brodsky. Como pequenas e grandes matriuskas, solápanse, superpóñense ata acadar esa estraña e complexa dimensión que consegue o seu traballo e onde a sorpresa está dalgún modo sempre presente como unha parte menos obvia pero igualmente importante do seu traballo. Por todo iso, a súa obra resulta moi difícil de catalogar pero sen dúbida sempre resulta complexa, unha obra polimórfica, que se amosa sempre refrescante coma un corpo naturalmente espido nun mundo saturado de maquillaxes

artificiais. Nunha actitude que o mesmo Brodsky reconece como propia: “Queremos manter unha distancia intelectual cara a unha máis elaborada tectónica, porque para nós a tamén chamada construción ‘low-tech’ é máis unha expresión da nosa propia realidade tecnolóxica, e asemade adecúase mellor aos limitados presupostos cos que normalmente traballamos”.

O Refuxio

Despois de subir as febles escaleiras do pavillón coñecido como *A ruína*, Brodsky amósanos no seu estudio, con hospitalaria e sorprendente paciencia, todos os seus proxectos ao tempo que nos explica o común que comeza a ser no seu traballo o rexeitamento de certas encargas. Porque nunha cidade dominada pola especulación inmobiliaria, Brodsky preséntase como un arquitecto referente non só pola calidade da súa obra senón tamén pola súa vontade de non-facer, alguén que entende a súa capacidade de negarse como outra forma tamén de facer arquitectura. Ante a situación actual da arquitectura en Rusia, aínda que tampouco só en Rusia, o exercicio da profesión antóllase case tanto un exercicio creativo coma ético. Tan importante coma o que se constrúe comeza a ser o que un arquitecto se nega a referendar co seu traballo, e esta dimensión ética da profesión é precisamente a máis dificilmente recuperable mais, non obstante, aínda presente no exercicio de Brodsky. Seguramente por iso o volume da súa obra construída non chega a ser en tamaño algo que se corresponda coa súa



Galería de exposicións

experiencia profesional nin moito menos coa súa sona nacional e internacional, pero tampouco coas circunstancias económicas do seu propio ambiente. O seu traballo resulta por isto especialmente meritorio, tanto pola achega e o risco das súas propostas coma polo compromiso da súa obra, un compromiso que case chega ata a resistencia. En certa maneira, Brodsky poderíase proclamar como o herdeiro intelectual do construtivismo ruso, non só pola desinhibición con que enfrenta o proxecto e coa que resolve o problema dos usos, a estrutura e ata a provocadora naturalidade na tectonicidade das súas obras, senón ademais pola súa vocación de experimentación, de laboratorio e, sobre todo, polo seu espírito de compromiso, de vocación de vangarda que fai revivir nel a herdanza construtivista menos formal pero quizais máis auténtica e que fai do seu estudio na “ruína” o refuxio aínda vivo da mellor arquitectura rusa.

Carlos Seoane
 Novembro 2007